

A Nosa Terra

BOLETIN DO PARTIDO GALEGUISTA

As nosas propagandas constituíen grandes éisitos para o Galeguismo e para o Partido. Galicia revive e dispónse a percorrer o vieiro da súa emancipación. ADIANTE IRMANS.

VERBAS DE CHUMBO

XIII

Badaxoz arde en festas. A plebe vai ver como a xente rica entra na praza de touros, no teatro e no circo. A plebe vai ver como a xente rica baila na caseta do Casino e xoga nas tómbolas. A plebe percorre, aboiada, o campo da feira, para ver como se divirten os señoritos. A plebe non ten diñeiro.

Eiquí a plebe non desperta con alboradas e dianas. Eiquí non hai foguetes, nin globos, nin gaitas, nin bailes para todos. Nin tansiquera hai xigantes e cabezudos. Ouh, aquelas nosas festas populares, onde os probes gozan máis que os ricos, porque aínda teñen inocencia dabondo para divertirse con honestidade!

Eiquí os señoritos pensan que a plebe non ten dereito a divertirse como eles. Por eso as xoldas non son para o pobo miserabel; pero nelas atopa compensación vendendo barafulladas, apanhando colillas ou pedindo esmola.

Levo xa oito meses a estudar as entranas dos auténticos señoritos hespañoles. Estes monifates, podres de diñeiro, deron na teima de chamar marxistas a cantos defenden as xustas reivindicación dos traballadores, e a chamar antiespañais a cantos defenden as liberdades constitucionales. A mñ dame medo que esta caste de parásitos chegue a gobernar sen trabas, porque entón a nosa Terra rematrá de afundirse. Óllade, meus irmáns labregos, que os señoritos queren a reforma da Constitución para continuar a tráxica historia de Hespaña, aferrollando os anxeiros liberais e democráticos que se sinten nos pobos diferenciados, porque somentes co uniformismo político lograrán repartir a fame e a miseria que eles producen nestas terras do seu señorío. Repartindo a fame e a miseria non se localiza tan ben a responsabilidade moral dos causantes. Velahí a razón primeira do seu patriotismo, tan falso e finxido como a súa relixiosidade.

¡Repartir a fame! Eso é o único que farán os señoritos dereitistas, e no reparto xa se sabe o que pode tocarlle a Galicia, o que lle tocará se non conquira a súa autonomía.

O lar e o berce da violencia reacionaria están neste inmenso latifundios onde as greas de famentos contrastan coa fartura da terra. Nestes países, cobardes e incapaces para toda aventura industrial, é onde a miseria hespañola ten signos máis arrepiantes. Todo porque o sistema centralista, liberal ou despótico, seguirá mantendo as causas de tamaña inxusticia. E os señoritos nin teñen sentimentos cristiáns nin talento previsor para darse conta das inxusticias e imprudencias que cometen. Eles defenden o sistema unitario e centralista, non somentes para soste os seus privilexios anacrónicos senón para descargar enriba de nós a fame dos seus escravos.

Si é que os señoritos dereitistas queren unha reforma da Constitución para mermar os avances sociais e as liberdades autonómicas, preparémonos para vencelos. Eles son poderosos pol-a riqueza e as alianzas; pero a nós abóndanos con ser numerosos. E se os pobos hispánicos teñen azos para rexurdir e reclamar a súa soberanía xa non os conformaremos cun Estado borbónico senón cunha República federal.

Que cada país se governe conforme á súa verdadeira natureza e que resolva os propios problemas, sen axudas nin intromisións. Velahí como a nosa Terra poderá defender e desenrolar os seus instintos vitales e os señoritos destas terras baixarán a cabeza diante da miseria desesperada.

¡Que vaian, que vaian á reforma constitucional!

CASTELAO.

Realce de feitos

Cousas que se hollan

A Galicia non é da Hespaña. E non é que o digamos nós. O día un día e outro, cós seus feitos, os qu'en todo-os momentos, para falaren do Estado hespañol, o fan póno en branco os ollos, nomeando a patria única e indivisibel, a unidade sagra e increbábel, e finxindo que sinten unha emoción qu'está nos beizos pero que non arrinca endexamais do corazón. Para probalo — e tal feito é o que motiva estas liñas — está o que nos xornaes puideron todos léren estes días có gallo da volta en avión á Hespaña. N-eles se amostraba o gráfico de tal volta, e fora d'él, do citado gráfico, aparecían soamente dous pobos dos que integran a Península: un, porque naturalmente tiña que selo: o Portugal; e outro, o Galicia, porque os arranxadores da volta — bos patriotas, supómos nós — eisí tiveron a ben dispoñelo, eles saberán porqué.

Trátase, pois, de unha excrusión feita, non pol-a quenturenta fantasía de algún arredista galego que arele tal secesión, sinón de unha excrusión que os orgaizadores da citada volta aérea fixeron obrigados, seguramente, pol-as circunstancias, e dende logo sen segundo tencionamento. Mail-o caso é qu'eles deron lugar a que, pensando con lóxica, calquer observador imparcial, có gráfico da referida volta á vista, poida, afincándose no que olla, emitire este sinxelo razoamento verbal cuia exactitude chouta á vista: «Hai unha proba aviatoria que se chama a volta á Hespaña; ela abrangue a total-as terras que forman o Estado hespañol; a Galicia aparece fora do percorrido; logo a Galicia non pertence

nesce á Hespaña». E non val aducire argumentos mais ou menos sofisticados para desvirtuare o que decimos. N-elo non hai mais que lóxica, pura lóxica, sen outras andrómenas.

Agora ben, falando sinceramente, ben sabemos que si a Galicia, a nosa patria, non figurou como terra da Hespaña para os efectos da volta a ésta en avión, tamén sabemos que si os autores do itinerario aviatorio non-a incluíron n-él, sendo a única escepción Galicia, non-o fixeron porque a considerasen fora do xuntoiro estatal hispánico, como premeditadamente e e xustamente aparece o Portugal, sinón por outras razóns de peso.

Si tal fixeron se nos figura que foi porque, en realidade, consideraron que a nosa terra non ten a mesma categoría de órgao vivo do xuntoiro estatal que as outras terras, con mais ou menos privilexios, teñen. E si eisí foi, estiveron ben acertados. Con iso viñeron a darlle estado semioficial a algo que xa moitos sabíamos inda que non o eisteriorizáramos. E este algo non é mais que esto: a Galicia non pode aparecer, cando da Hespaña se trata, n-un prano de igualdade e d'equivalenza cóas outras rexións que forman o Estado, pol-a sinxela razón de que a Galicia non é como elas, unha rexión de ese Estado. A Galicia non é mais que unha colonia, somentes unha colonia.

RAMÓN VILLAR PONTE.



O II Certame do traballo galego

No Ferrol vense preparando a celebración do II Certame do traballo galego.

Fai dous anos celebrouse o primeiro Certame, que non atinguu resoancia nacional. Este segundo, si. De toda Galicia chegaron traballos artísticos e industriais que se expoñen en sitios axeitados. Eiquí non queremos facer outra cousa que por de releve o espírito de galeguidade que anima a idea do Certame. N-este senso felicitamos sinxelamente aos orgaizadores. Reuniu mostras das labours de artesanía, das industrias populares, da obra dos nosos artistas, é unha empresa digna das maiores louban-e que ten pra nós verdadeiro mérito patriótico. Todo o que sexa exaltación e estudo da nosa cultura atopará de cote en A NOSA TERRA aquentamento e simpatía. O Certame ten as súas seicións e os seus premios. Uha seición de traballo intelectual que se refire a escritos científicos ou literarios encol de actividades relacionadas co traballo galego, como escolas de traballo, de pesca, orientación e reeducación profesional, psicotecnia, previsión de accidentes; arte popular. Hai unha seición de traballo manual que se refire a toda crás de obras producidas por artesáns en Galicia. E outra de Belas Artes, pinturas, deseños, escultura, arquitectura, música e poesía. Tamén se ademiten traballos de propaganda turística e estudos encol dos nosos problemas de hixiene social, estética e económica. O prazo pra presentar traballos espírou o 30 de Xunio.

Inspirador e alma de esta obra exemplar é o irmán Felipe Bello Piñeiro, afiliado ao grupo de Ferrol. O fino e estudioso pintor vive consagrado as empresas artísticas, as que leva de cote a súa valiosa e desinteresada aportación. O éisito do Certame debemos de atribuirlo especialmente a él que rodeado de un grupo de activos colaboradores trazou, ata nos menores detalles as normas que rixen esta famosa e enxebre obra de exaltación nacional. Se diante das corridas de touros ferroláns escramamos como o paisán de Castela: «Que lástima de bois», non recadamos o noso aplauso a Ferrol pol-a celebración do Segundo Certame do traballo galego, obra de verdadeiro galeguismo como compre dada a intervención n-ela do irmán Bello Piñeiro, tan modesto como intelixente e traballador.

O DIA DE GALICIA

A NOSA TERRA adicará o seu número próisimo ao Día da nosa festa nacional. Publicará un extraordinario que levará firmas dos nosos valores destacados.

Lembramos aos irmáns o deber de enviar artigos para dito número.

Comprindo que este número sexa ben divulgado por Galicia adiante, os corresponsaes deben comunicar axiña a cantidade de exemplares que habemos de lles enviar.

BALANCES

A obra do complexo radical cedista en Galicia

¡Qué anguria ofrece, para os galegos de verdade, o que hoxe é Galicia ante o asalto impúdico que sobor dela realizaron os representantes da vella roña política de grifo e vaso!

Aqueles que tivesen escoitado na contenda eleitoral do mes de novembro aos dianteiros do complexo Emiliano dereitista na nosa Terra, coidarian, sin dúbida, que os graves problemas planteados, terían néles ópimos valedores. ¡Con qué petulancia e avilantez os persoeiros da patrioteira simplista e morbosa, atacaron os ideás limpos e románticos do nacionalismo galego! Aínda resoou pol-os ámbitos dos nosos campos a calumnias soez e procedemento canalla empregados por eles para arrogarse unha representación que nin agora teñen, nin ende-xamais, lexítimamente, ostentaron. E abondou que asumisen o Poder, que compuxesen un coro e comparsa parlamentaria, dócil aos mandados dos xefes para que a traición a Galicia e aos seus eleitores, resaltase clara, contundente, definitiva.

Con eles, có seu proceder baixo e anti-galego, está fracasando en toda a súa intención i-extensión a Hespaña apodrecida e imperialista que trataban de rexurdir.

Xa están gobernando de novo os flamencos que trouxo canda sí Felipe II, xa voltan a refrescar e a executoria vella, magoada e noxenta. E non é que queira siñ ficar ren do seu proceder na política hespañola que a mín non me preocupa sinón en canto tén de desgraciada repercusión en Galicia. Pero á vista está a inutilidade e a avilantez destes Cides de mogollón que campaban fai dous anos con argumentacións cerriles en contra do galeguismo, pol-as tribúas da nosa Terra. Na economía do país galego, estruchada por todol-os ataques; na cultura e na política do noso pobo, poden atoparse os mellores índices desá política hespañolizada que anda a trocarnos a todos en criados, títeres i eunucos da farsa patrioteira que eles propugnan.

E ahí están a miseria e a fame amalgamados en infeliz contubernio nos fogares dos nosos labregos e mariñeiros, enganados i-escarnecidos. Velahí a consecuencia dá segunda política bienal:

Aprobados os Tratados comerciais có Uruguai e coa Arxentina que, permitindo a importación das carnes conxeadas de aqueles países, obrigan a baixa irremisible no noso gando, principal base da nosa riqueza.

Suspensión das obras do ferrocarril Coruña-Ourense-Zamora, por omisión dos novos Presupostos do Estado dá cantidade asiñada para a súa construción.

Desatención constante eininterrumpida aos nosos portos peixeiros e abandonados propósitos de construción de barcos nos astilleiros ferroláns.

A descabelada Lei de Arrendamentos rústicos que será, está sendo, tan perjudicial para a nosa economía coma o foi a súa antecesora na República.

A ineptísima Lei de Trigos, feita para favorecer aos grandes acaparadores de Castela con evidente perxuro para as nosas clases agricultoras, ás que non se permite a libre importación de miúdo, alimento primixenio do noso gando.

A desacertada Lei salmónica contra

o paro que servirá por alimentar a unhas cantas empresas e a poucos mais obreiros, pero que non producirá ningunha inversión na nosa Terra, pesie a que éla tén categoría de prioridade coma contribuíute.

Agudización do problema foral, o da usura e o dos impostos que, nalgunhas comarcas chega ao límite do insospeitado.

E non falemos de cando o emilianismo e o cedismo aítuan no senso político con un matiz de ferocidade e de arbitrariedade que teiman producir nas nosas xentes unha incondicionalidade rebañega de servos.

Os procedimentos máis vituperables de caciquismo. A xenreira á cultura, as persecucións, os ataques baixos e solapados, todo está revivido baixo este complexo radical cedista que está facendo de Galicia un campo de ludibrio das suas orxías, orgaizadas coa probeza e coa fame do pobo.

As propagandas falsamente prometedoras dun novo paraíso, sucedeu esta traición bochornosa ao corpo eleitoral. Pero non folga trazar este someiro balance cando se está desmorando a súa política e o sistema centralizado que lles serviu de escudo. Non brinda a historia do bugallalismo outra etapa igual. Pero non é leve conforto o de adeventir que coa súa rápida descensión, afirmáanse as creencias e o trunfo da única Galicia, a Galicia racial, tradicional, enxebre que é a Galicia nacionalista.

FRANCISCO F. DEL RIEGO.

DE VILAGARCIA

O ex-Alcalde de Vilagarcia en liberdade

Acaba de cumprir o arresto de que foi oxetado, por negarse a pagar unha multa de 5.000 pesetas, imposta pol-o Gobernador desta provincia, o ex-Alcalde de Vilagarcia, don Elpidio Villaverde.

E un caso insólito de persecución sistemática e pechada o do Sr. Villaverde. Non abondou coa destitución arbitraria que, como a outros alcaldes republicáns, se lle lanzou pol-o delito de non ser radical. Houbo que encartalo en complots terroristas, e tel-o na cadea un mes, sin que logo se encontrase un só cargo en contra súa. Houbo que formarle un proceso por malversación de fondos (que aínda está pendente) pol-a razón gravísima de haber abonado ao dono de un local-escola OCHENTA pesetas en razón de desperfeitos, en vez de facelo en razón de aluguer. E chegou a tanto a cousa, que hasta o señor comandante da forza de Seguridá, señor Quintiáns, se sentiu na obriga de agredilo públicamente, por permitirse levantar os ollos para miralo. Para remate de todo, no Tribunal de Garantías fíxose firme a multa de 5.000 pesetas, que acaba de saldarse, suma que pareceu moi apropiada pra o señor Villaverde, por canto iste, cedía integramente os seus honorarios do Alcalde (Xustamente, 500 pesetas ao ano) aos institutos de Beneficencia...

Nada disto precisa ser comentado.

Este número foi visado pol-a Censura gubernativa.

Aktividades do Partido

Os mitins de Páramo e Láncara

Tiveron lugar o domingo derradeiro os anunciados mitins do Páramo e Láncara (Lugo) orgaizados pol-os respositivos grupos galeguistas.

O do Páramo

As doce da mañán comenza o de Páramo. Celébrase no campo da feira que se atopa moi concurrido a pesare da hora e das festas que se celebran ao redor. Moitas mulleres.

Fai a presentación dos oradores o irmán Cándido Vázquez, do grupo local.

Ramón Varela, do grupo de Lugo, saúda aos irmáns do Páramo en verbas cheas de ategada emoción galeguista.

Victor Casas comenza facendo unha lixeira exposición do que é o Partido Galeguista, seu orixe e nacemento. Recorda as tres etapas políticas hespañolas. A monárquica, a dictatorial e a republicán para demostrar que en ningunha das tres Galicia foi gobernada e atendida.

Alude a política provincial para decir que hoxe a rexén os mesmos homes que en todol-os tempos. Fala dos deputados que ninguén conoche. Dos caciques redivivos. Dí que hoxe é urgente que a República recupere o seu espírito para que Galicia atope a liberdade, pero que de todos xeitos dos galegos depende a solución do noso problema nacional.

Alvarez Gallego comenza con unhas verbas de lirismo adicadas ao escaerio do acto.

Sinala o sacrificio que representa para os homes do galeguismo percorrer centos de kilómetros para se poñer en contacto cos labregos galegos para lles falar dos seus propios problemas.

Fala dos deputados da provincia e de Galicia en xeral, condeando en frases cheas de ironía a súa funesta situación. Recorda as eleccións do 1933 nas que el tivo votos no Páramo que agradece.

Examina diversos aspectos económicos de Galicia deténdose a dar cifras que demostran a nosa inxusticia tributaria. Fala do cooperativismo e da necesidá de unión de todol-os galegos para salvar a Galicia das mans dos seus eternos explotadores.

Suárez Picallo fai un canto a vida labrega que el conoche e viviu. Fala das privacións e miseria que reina no agro galego.

Recorda as intervencións dos deputados galeguistas nas Constituintes en defensa dos intereses de Galicia e da clase labrega especialmente. Alude a campaña contra a aprobación dos Tratados co Uruguay e a Arxentina durante o goberno Azaña para demostrar a diferenza na conduta de aquel goberno e o actual, dos deputados de entón e os de hoxe.

Fala de como na Arxentina e Uruguay pódese producir a carne boa e barata debido a que os gobernos preocupábase de elo, cousa que non sucede en Hespaña onde somentes priven e mandan os intereses dos aceiteiros, triqueiros, etc., que son as chamadas dereitas as que somentes lles importa a defensa dos seus negocios.

Dirixese as mulleres e aos nenos que farán a nova Galicia que xa alumea.

Remata o seu discurso atacando fortemente a situación política e manifestando a súa confianza no rexurdirmento da República e de Galicia.

Gómez Román pón remate ao mitin con unhas breves verbas pedindo a unión de todos para conquistar a autonomía, único réxime que a Galicia lle compre para resolver por si mesma os seus propios problemas. Todol-os oradores foron aplausados con verdadeiro entusiasmo rematando o aito co Hino a Galicia cantado por todos e con entusiásticos vivas a Galicia, a República e ao Partido Galeguista.

O de Láncara

As tres da tarde entran no pobo os oradores aos que acompañan en varios coches unha representación do Páramo e mais de vinte irmáns de Lugo.

A entrada agardan aos oradores centos de persoas con unha banda de música que toca o Hino galego. Ao fronte unha comisión de rapazas e mulleres con unha gran bandeira galega dan vivas aos homes do galeguismo e ao Partido.

Algo emocionante que produce gran

impresión aos oradores e acompañantes.

Invitados pol-a familia do irmán Piñeiro, rapaz maravilloso inzado de vibrante emoción patriótica, os forasteiros xantán na súa casa, discorrido o xantar entre a alegre irmandade que preside sempre as nosas xuntanzas.

As cinco da tarde comenza o mitin nunha carballeira espléndida e diante dun paisaxe maravilloso.

Centos de persoas de todol-as parroquias veciñas congréganse a ouvir aos nosos propagandistas. Unha enorme cantidade de mulleres e rapazas novas dan ao aito unha emoción e colorido emocionante.

Piñeiro, pol-o grupo de Láncara, presenta aos oradores en verbas acesas de galeguismo e fé nos destiños da Terra.

Gómez Aller, do grupo de Lugo, fala da representación espiritual do galeguismo, idea santa que vai xa inzando os peitos das mocedades que andan a abrir o vieiro futuro da redención galega.

Victor Casas dí que os galeguistas veñen a poñer o seu corazón en contacto co dos labregos galegos en pelexinaxe constante por toda Galicia.

O galeguismo que comenzo adicando a súa atención aos problemas de orde espiritual e cultural para erguer a nacionalidade galega, tivo que adicarse con urxencia e por necesidade a facer unha política galega xa que a política en Galicia estivo sempre entregada aos inimigos de Galicia.

Fala de como o caciquismo galego, especialmente o lucense, foise infiltrando nas orgaizacións republicánas que non quixeron ou non souperon destruílo no intre en que naceu a República. Así hoxe poden representar a Lugo e a Galicia nas Cortes antigos caciques e xentes alleas a Galicia.

Fai unha lixeira exposición da política hespañola decindo que a República deixou de existir coa caída do goberno Azaña. Nega que Leroux teña sido nunca republicán. Recorda algúns dos problemas agudizados polos que hoxe gobernan, especialmente os galegos que nunca foron ouxeto de tan teimante abandono como hoxe.

Confía na recuperación republicán para facer o que se non fixo na primeira etapa.

N-ese intre inmediato Galicia planxará diante dos futuros gobernantes a súa situación pero non para pedir sinón para reclamar o que lle pertence e un réxime autonómico que resolva a súa situación.

Alvarez Gallego comenza con un párrafo adicado ao recibimento i-emoción patriótica que aniña nos veciños de Láncara.

Fala das eleccións do 33 sinalando como os caciques aliados cos cegos, que son o máis desgaleguizado de Galicia, andiveron a prometer cousas, en nome de Cristo e do orden, que agora, despois do trunfo non cumpren sinón que polo contrario agravaron os problemas hespañoles e os galegos especialmente.

Polos seus propios nomes cita a varios deputados por Lugo e por Galicia tendo para eles verbas cheas de indignación polo que fan e de ironía polo que son.

Fala da política hespañola atacando a Gil Robles de Revillagigedo, vulgaridad política, incapacitado e preterioso ademais de defensor exclusivo dos intereses dos grandes terratenentes entre os que el figura. Recorda tamén ao partido chamado agrario cuxa única razón de existencia é a de defender os intereses dos trigueiros casteláns en contra de Galicia.

Analiza a diferenza tributaria que pesa sobre Galicia dando cifras por varios capítulos para demostrar que

Galicia está eternamente abandonada e inxustamente tratada para que se defendan somentes os panos cataláns, os ferros vascos, o carbón asturiano, etcétera.

Fai unha sintética exposición do cooperativismo sinalando o seu nacemento, e desenrollo en outros países decindo que Galicia téñ que estruturarse así para salvar a súa vida e a súa economía.

Remata facendo unha invocación a xuntanza de todos para a defensa de Galicia cuxa salvación somentes pode atoparse así e poñendo en práctica os puntos do programa do Partido Galeguista pensados i-estudados ante a realidade galega.

Suárez Picallo recorda como el cos deputados galeguistas cando eran deputados e agora como sempre non deixaron de percorrer Galicia poñéndose en contacto co pobo labrego e mariñeiro e incorporándose aos seus problemas espirituais e materiais.

Fala de canto se fixo nas Constituintes en moitos aspectos de intrés para Galicia.

Analiza o que para Galicia representa a aprobación dos Tratados comerciais especialmente os do Uruguay e Arxentina que en síntese veñen a ser a ruína de Galicia e da economía lebregra xa desamparada por completo e agudizada pola falla de protección e pola carencia do diñeiro de América.

Fala tamén da política hespañola e do que representan as forzas que hoxe están no Poder.

Fai un canto a vida labrega e mariñeira de Galicia, que é a Galicia auténtica, que arranca unha gran ovación.

Sinala a diferenza dos deputados aiatas cos das Constituintes.

Defense a examinar o que representa o galeguismo como forza política e sobre todo como vontade ategada de romantismo e mocidade que acadará para Galicia a redención que non se pode agardar endexamais de ningunha outra política todas elas alleas e avencelladas a intreses opostos aos de Galicia.

Remata dirixíndose as mulleres para as que téñ un párrafo cheo de emoción i-elocuencia. Pídelles a súa aportación a Causa de Galicia para redimir a Terra e abrir para os seus fillos un porvir distinto do presente.

Gómez Román dá por finado o aito pronunciando unhas verbas vibrantes, emocionadas e rexas nas que di que o Partido está comprometido para axudar na recuperación auténtica do 14 de Abril pero a cambio de que Galicia acadare a súa liberdade inmediata e sexa tratada con xusticia.

Defende a autonomía sinalando o que ela representa e remata decindo que aitos como o que se celebra inzan de fé o seu peito tendo a seguridade de que Galicia sabe xa o que lle convén e por onde ha de seguir para salvarse. Anque xa vou vello hei de ver ése día.

As ovacións que en cada intre e a cada orador tributou o inmenso público entusiastado e volcado de cheo en atención a canto n-el se dixo tiveron ao remate expresión inenarrabel. Os vivas a Galicia, ao galeguismo e a República misturáronse cos acordos do Hino galego tocado pola banda e cantado pola moitidume.

No momento da marcha a despedida foi emocionante. Ademais un grupo de rapazas entregou a Picallo un ramo de froes para levar a Santiago ante o moimento a Rosalia.

Dúas xornadas verdadeiramente trunfaes para o galeguismo que en toda Galicia esperta rexamente.

IRMANS: Cando queirades ter unha festa propia d'a Terra, non deixés de chamar os Gaiteiros

"OS DEZAS"

de Lalín-Moneixas (Pontevedra) CANTO PROPIO.

PAREXAS DE BAILE.

CADRO DE DECLAMACION

SI QUEREDES

XANTAR BEN

IDE A

CASA PEPE

Dr. Cadaval, 13 VIGO

RIANXO

A Asamblea comarcal dos nosos grupos

En Araño celebrouse o 30 do pasado a asamblea anual dos grupos galeguistas do Concello de Rianxo.

Concurriron a ela centos de irmáns dos grupos da comarca na que o galeguismo téñ o seu máis rexo baluarte.

O local do grupo do Araño engalanado con bandeiras galegas e republicánas foi incapaz para a cantidade de concurrentes.

Atraídos pol-a transcendencia e novidade do sistema puramente democrático que o galeguismo practica asistiron tamén a xuntanza representacións dos partidos de esquerda e obreiros de Santiago, Padrón, Puebla e Rianxo, e outros pobos veciños.

As tres da tarde abre o aito o irmán Xosé Ramón Miguéns. Desíñase a presidencia que recae en Suárez Picallo que co irmán Brañas, segredario do grupo de Santiago, concurriron a asamblea.

Suárez Picallo agradece a desíñación e pronuncia unhas verbas de saúdo.

Vellos e vellás; mozos e mozas misturados en aprexado feixe asistén ao aito de fonda emoción e transcendencia política.

Os debates discorren nun elevado senso de preocupación e acerto admirábeles. Apróbansse varias pomenias de varios grupos sobor: milloras nas aldeas; cooperativismo; orgaización agraria; problemas pesqueiros; política municipal; política rexional e outras de carácter interno de orgaización.

Apróbase ademais un xurdio programa municipal e sobor da táctica política a seguir acordábase seguir o acordado pol-o Partido na IV Asamblea, actuando de acordo coas orgaizacións esquerdistas agrarias e mariñeiras das comarcas veciñas.

Ao remate celébrase un mitin enorme. Por non ser permitido facelo ao ar houbo que poñer a tribúa perto da

Santa María Alta En San Miguel do Campo

Orgaizado pol-o Grupo de Lugo celebrouse o día 1.º un mitin en Santa María Alta a dez kilómetros da capital.

Concurriu a el unha gran cantidade de labregos da parroquia e das colindantes.

Falaron no aito dous rapaces da Mocidade de Lugo e os irmáns Vallina e Fernández Oxea os que examinaron a situación política de Galicia; os seus problemas anguriosos que non teñen solución no sistema centralista; abogaron con argumentos a prol da necesidade da autonomía; fixeron un análise do programa e labouira do Partido Galeguista; aludiron a funesta situación da política vixente atacando as forzas de dereitas que tanto prometeran e aos deputados por Galicia indiferentes diante dos problemas urxentes que pesan sobre da nosa terra.

Todol-os oradores foron longamente aplaudidos e no aito reinou un grande e fervoroso entusiasmo en favor do Partido Galeguista.

Ao remate do aito procedeuse a orgaizar o grupo de Santa María Alta cuxa directiva a constitúen os seguintes irmáns:

Presidente, Manuel Varela Darriba.

Vice, Gelasio Núñez Castro.

Segredario de propaanda, Ramón Rodríguez Fernández.

Idem Orgaización, Xesús Yañez Núñez.

O grupo fica integrado xa con unha gran cantidade de afiliados entre os que destacan pol-o seu probado entusiasmo e galeguismo, ademais dos directivos, os irmáns Amable Núñez, Francisco Carreira, Dionisio Cobas, Xosé Carreira, Emilio Varela, Manuel Núñez, Marciano López, Anxel Núñez, Plácido Darriba, Evaristo Núñez e moitos que asistiron a primeira xuntanza cujos nomes non nos foi posíbel recoller.

Os irmáns do novo grupo, aos que saudamos con ledicia, orgaizarán novos grupos nos arredores da súa zona.

fenestra do local para que poideran ouvir os centos de persoas que ficaron na rúa por falla de sitio no salón.

O irmán Manolo R. Castelao fala para presentar aos oradores destacando a diferenza de procedimieuto no actuar do Partido Galeguista e os demais partidos.

O irmán Brañas, de Santiago, saúda ao público en nome do grupo santiagués falando da labouira que o Partido desenrola en toda Galicia.

Destaca a galeguidade de Rianxo decindo que chegará un intre, a forza da nosa constancia e traballo, que Galicia enteira pensará como pensa Rianxo.

Suárez Picallo é recibido con unha enorme ovación. Perante unha hora falou facendo un resumo da política galega i-hespañola; das actuacións dos deputados constituintes e os actuaes; dos problemas galegos de orde labrego e mariñeiro; dos tratados comerciais; do caciquismo e da labouira das dereitas e radicais; do programa do Partido Galeguista, das mulleres galegas as que adicou un longo párrafo cheo de emoción.

Remata expresando a súa fé na liberdade de Galicia pol-a labouira do noso Partido que está enraizado en todo o Concello de Rianxo de maneira indestructible e abogando porque a República recobre o seu espírito.

Ao remate cántase o Hino entre grandes ovacións a Picallo e vivas a Galicia, ao Partido e a República.

Orgaízase unha caravana que vai a Rianxo. Ao paso pol-as aldeas sóan os aprausos e os vivas. En Rianxo Picallo e Brañas acompañados de enorme cantidade de xente visitan a nai do irmán Castelao, hoxe no desterro.

Celébrase despois unha gran festa que pón remate a esta xornada gloriosa para o galeguismo e para os irmáns que integran os nosos entusiastas e numerosos grupos de todo o Concello rianxeiro.

Orgaizado polo Grupo galeguista local celebrouse o domingo un mitin galeguista-agrario.

Concurriu unha gran cantidade de público que recibiu aos oradores cantando o Hino galego acompañando aos nenos da escola de Vilariño.

Presentou aos oradores o presidente do grupo local.

Vázquez Martín en nome das Mocedades galeguistas fai un encendido chamamento aos mozos a que se incorporen ao galeguismo.

Vicente Bóveda pón de manifesto coa elocuencia das cifras a inxusticia tributaria que pesa sobre da nosa terra. Fala dos Tratados comerciais e da labouira dos que se din deputados galegos. Aboga pol-os partidos rexionais para que Galicia teña unha política propia. Pide a xuntanza de todol-os galegos.

Alonso Rios, pola Federación Agraria de Pontevedra comenza facendo un canto ao idioma galego. Di que o problema de Galicia divídese en dúas partes: O que lle fai falla para ser e o que lle falla para poder comer. Di que o primeiro é sentirse diñamente galegos.

Fala do aspecto económico sinalando a diferenza de trato que os gobernos dan a Galicia en comparanza con outras rexións. Defende, con grandes argumentos, a necesidade da autonomía. Remata chamando a unha cruzada en defensa de Galicia.

Todol-os oradores foron calurosamente apraudidos e rematouse o mitin cantándose novamente o noso Hino.

Prelo de LA POPULAR.—Charino, 7 Pontevedra

Vda. de Pío S. Carrasco
(CASA FUNDADA NO 1894)

Axente Comercial de Aduanas Colexiado
FLETAMENTOS,
CONSIÑACIONS,
TRÁNSITOS.

VILAGARCIA
TELEGRAMAS: CARRASCO
APARTAMENTO NÚM. 3

PARA O DIA DE GALICIA

Circular da Segredaría de Propaganda

Queridos irmáns:
Fallan poucos días para a celebración do Día de Galicia, a nosa festa nacional.

O Comité anda a preparar o Mitin das Arengas para a noite do 25 en Compostela e outro aito semellante na Cruña pola mañán diante do moimento a Curros Enriquez. Falla sómente ter permiso gubernativo solicitado xá fai días.

Si se celebran estes aitos, de transcendencia formidabel compre que ese grupo ou Conselleiro orgaizen excursións aos dous pobos ao oxelo de reunir n-eles a maor cantidade posibel de galeguistas.

Ademais d-eso compre que os grupos orgaizen pola súa conta nos pobos da súa residencia festivales de música galega; festas campestres; xantares; espallamento de follas; veladas; profusións de bandeiras galegas etc., que deían ao día gran resonancia e incorporen a él a todo-los galegos aínda aos nosos inimigos políticos.

O Día de Galicia é para Galicia e para todol-os galegos e a nós correspóndenos o deber de facerllo ver así a todos para poder convivir en estreita comunidade de pensamento a prol d-unha Galicia millor.

O Comité non publicará este ano ningún Manifesto. Por eso intresa que os grupos publiquen follas nas que se expoña o carácter do Día e se divulguen traballos e poesías dos nosos precursores e poetas contemporáneos.

Na seguranza de que todos contribuíredes para que este ano o Día da Patria acadade transcendencia i-extensións grandes apértavos voso irmán.

X. ALVAREZ GALLEGO.

EN CELANOVA

Un moimento a Curros Enriquez

En Celanova vila natal do noso gran poeta Curros Enriquez, xurdiu a feliz idea de erguer un moimento a lembranza do inesquecente autor de Aires da Miña Terra.

O Presidente da Comisión nomeada a efecto, alcalde da citada vila, dirixiuse ao noso Segredario Xeral en demanda de que o Partido Galeguista contribuíra con unha cantidade para a realización de tan patriótica e honorabel iniciativa a quen respostouse xa fixando en cen pesetas a aportación do Comité.

Os grupos e irmáns que queiran, que deben querer todos poden facelo tamén demostrando así que os galeguistas estamos presentes en todo intre en cantas cousas de exaltación de Galicia e dos seus homes representativos se trate.

Propaganda Galeguista

Nos domingos vindeiros continuará sin acougo a campaña de mitins orgaizados pol-os diversos grupos do Partido.

O grupo da Cruña téñ xa orgaizados en firme e para efectuar estes meses algúns en Arteixo e Celas.

O de Lugo celebrará varios desde o día 28 en Santa Marta, Friol e Cotá.

O de Ferrol vén preparando dous días de aitiva propaganda que terá de se facer no mesmo Ferrol ién varios lugares da súa zona.

O de Pontevedra d-acordo coa Segredaría de Propaganda e cos grupos da provincia comenará en Agosto unha intensa situación. Polo pronto O Grove, Bayona, Redonde-la, Lalín, Vilagarcía, A Guardia e outros pobos da provincia.

En perspectiva máis lonxana están tamén o de Lugo (capital) non celebrado aínda por falla de local, Viveiro, Ribadeo, Monforte, Mondoñedo e outros máis pola provincia na que o galeguismo está arestora tomando novos e intensos pulos.

Aparte dos citados e que xa figuran no calendario da Segredaría de Propaganda alternaranse outros en distintos lugares da Terra.

CAFÉ GALICIA

Cantón Grande

A Cruña

O Grupo e o Casal galeguistas de Madrid.

A chegada a Madrid do irmán Bóveda produxo entre os galeguistas da capital da República un grande entusiasmo.

Agárdase que o fervor e a constancia tan probadas do noso Segredario de orgaización sexan o aglutinante que se precisaba para que en Madrid se forme o Grupo Galeguista e se funde un Casal semellante aos de Barcelona, que en cada intre acusen a presenza da Galicia nova e moza, segura de sí mesma, que tan de menos se ven botando aló.

Sabemos que en comunicación co irmán Bóveda están xa elementos mozos de gran valor: os poetas Augusto M. Casas e Acuña, o xornalista Ribas Montenegro e unha chea de mozos patriotas e galeguistas esforzados.

É de supoñer que se non fará agardar a realización da idea que fica exposta. O noso Partido tera axiña outro núcleo orgaizado e Galicia contará por fin na capital da República coa representación auténtica, que tanto precisaba, e da que é dado agardar bós froitos se sabe influír de maneira intelixente na gran colonia gallega de Madrid, desnutzada hoxe por orgaismos pseudo galegos que endexamáis souperon levar dinamente a representación da nosa Terra.

Gran Fábrica de Cervezas

A BARXA

TIPOS:

**DOURADA
MUNICH (Negra)**

E FABRICADA EN GALICIA

PREFERILA AS DEMIS E LABOURAR POL-O ENGRANDECIMENTO D'A NOSA TERRA.

Os Galeguistas pararán en Sant-Iago no

"Hotel Europa"
DE RAMON MORANDEIRA

QUÉIMANME O SANGUE

Cada vegada que os ouzo decir que lles preocupa o paro forzoso e a fame do campo, quéimanme o sangue.

Cando os ouzo decir que eles son eminentemente democráticos altranme os nervos e danme noxo.

Nada máis denigrante que as mocedades que se contonean sobor dos pés como os patos e oucen coa boca aberta o orneo dos seus amos. As ringleiras d-estes correligionarios compónense de babións que falan para salferir os rostos coa baba da súa mediana.

Ván como os rebaños empuxándose uns aos outros detrás dos caciques que máis enchufes ofrece. Cada grupo téñ os seus caciques e cada cacique téñ os seus cegos e os seus eunucos. Nada máis depravado.

Iban ao Goberno para tragner a paz a Hespaña e trouxeron o desorde e a fame. Eran os amantes da verdade e da xusticia e trocáronse en autores do escándalo

Teño grabada a forma democrática da elección dos Concellos municipais. Unha simpre guerra civil pol-os cárragos. O egoísmo da Alcaldía e das comisións fixo estralar unha batalla de pillos ametrallados a disparos de falsedades que puxeron de releve que a democracia d-eles era unha inmensa farsa. Impuxéronse na tarefa de divertír ao pobo coa graciosa chanza da elección para os cárragos.

Ante a imposibilidade de poder eleír aos empresarios, acudiron a democracia provincial para que fixera xusticia e reparara o escándalo. O nomeamento telefónico produxo fonda ledicia nuns e nos outros fixo o mesmo efecto que o soído d-unha lima fregada contra os dentes d-unha serra.

Outra gran comedia democrática foi a elección do Comité provincial. Do anasar d-esta elección saía o cocido de mañán. Así llo decía o mesían de Pontevedra aos imbéciles criados. Por conducto do seu fidel segredario mandou as pistolas, as balas, trinta reás para caña e a roga de dezaseis enchufes en prisións que outerían si gañaban.

Abad, Abacito, Atanagildito e outros caciques locais preparaban o seu exército de esfameados para arrancallar a labouira dos pistoleiros mexicanos.

Aquela elección daba a sensación d-unha romería d-aquelas en que os mozos de unha parroquia e da outra desafíanse para ver quen desfaí o baile. Vivas e morras, pistolas mudadas por medo aos de asalto, labazadas a linidade, pensamentos de que úns e outros eran a honra da democracia gobernante. Semente de paixóns e desórdenes e autores do rexoso escándalo.

EMELECE.

Santiago.

Correspondencia administrativa

Salvador González Mora. SA-DA.—Recibida a súa tarxeta e xiro de pesetas 18 importe dos recibos. Moitas grazas. Fica tomado boa nota do contido da súa.

Serafin Carbón. Lira. MUROS.—Recibida a súa carta e xiro de pesetas 15 importe dos recibos.

En canto aos números soltos tomamos nota de canto di e fica suprimido o paquete deica nova orde.

Francisco Añino. TUDELA.—Recibido xiro de pesetas 3 abono da suscripción do segundo semestre.

Aureliano Pardo. PADRON.—Recibidas pesetas 3 para pago do segundo semestre.

IMPERMEABILIZANTES WATERSTOP

UNICO EFICAZ PRA EVITAR A HUMIDADE E O SALITRE NAS CONSTRUCCIONS

Mais de CINCOENTA anos de experiencia no saneamento de construccions e impermeabilización das mais importantes obras hidráulicas.

REPRESENTANTES EN TODAL-AS VILAS DE GALIZA

Pida detalles e foletos:

PRODUCTOS WATERSTOP

Axencia xeral pra Galiza:

Porta da Pena, 6. - SANTIAGO

DA RIBEIRA

O galeguismo non naceu sómente, como coidan moitos, no meolo romántico d-uns cantos intelectuales; o galeguismo é a protesta das xentes de Galicia, e a súa resposta ao abandono de Galicia pol-o Estado hespañol.

Ao galeguismo chégase por estes dous camiños. Pol-o da historia: iste é o que percorrenos intelectuales. Pol-a visión das inxusticias que a cotío se cometen con Galicia: iste é o que si-gue o pobo bñ e xeneroso. E ambos converxen n-outro que conduce a todal-as outras cumes: o sentimento.

Os que nos combaten son combatintes de comenencia. Convenlles este estado de cousas porque son os explotadores de Galicia, os prestamistas ao doce por-cen. os que viven d-unha suculenta postura política; e no mellor dos casos son os idiotas dos «fillos de papá» que endexamáis pensaron en Galicia nin en réñ, por que os radicais ou cedistas (é igual) autores dos seus días encarregáronse de encher cumpridamente os seus bandullíños.

Pero ¿entón, dirase, o galeguismo é custión de estómago? Y eu contesto: o galeguismo tamén é custión de estómago.

O galeguismo era unha necesidade, é unha realidade, e será a única forza capaz de encamiñar a Galicia por vieiros de dignidade, de liberación, e de prosperidade. Este miragre farao o galeguismo por eso: porque era necesario e porque é real.

Agora ben: todo canto de galeguismo se pode decir ou achar ten-o integramente o Partido Galeguista. Para poder afirmar este abonda con coñecer os seus postulados, ou con asistir a unha das nosas Asambleas.

E ¿que outro partido político pode ter en Galicia a emoción, a potencia

creadora do Partido Galeguista? Rotundamente: ningún. Y-é natural, porque esta emoción i-esta potencia creadora véñenlle ao Partido Galeguista do desexo dos seus compoñentes de buscar e-atopar solucións para os problemas que Galicia téñ pranteados. Por eso as nosas Asambleas están sempre tan cheas de contido. E tan valeiras d-él esas outras dos partidos que están cinguidos a Madri pol-o cordón umbilical de Comités... e demais cousas de comer, que dixo o gran Castelao.

A toda a denanteriore divagación me levou o recordo da II Asamblea dos Grupos da comarca de Rianxo.

Asamblea chea de emoción e de contido, de emoción pol-o desexo de acertar; e de contido (¿por que non decilo?) pol-o propio acerto. Asamblea na que se xuntou como a síntesis de Galicia; labregos dos Grupos de Asados e Araño; mariñeiros e obreiros do Grupo de Rianxo...

Duas propostas merecen destacarse. Unha de Xosé R. Miguéns do Araño sobre Cooperativismo. Outra do Grupo de Rianxo sobre a Creación da Misión Biolóxica do Mar.

De esta última iba a falar. Pero tanto por ser eu o autor d-ela, e por parecerme por en que parte das gabanzas que levo feitas da Asamblea se referirían a ela, como por ser para hoxe demasiado longo este traballo, deixo para outra vegada o responder a invitación que Suárez Picallo me fixo, de traer a miña modesta proposta, as acolledoras columnas de A NOSA TERRA.

BIBIETO RIAL.

Rianxo, Xulio do 1935.

Boletín de difusión de A NOSA TERRA

Boletín pra difusión de A NOSA TERRA

D. remite por xiro postal (ou en selos de correo) (1) a cantidade de pesetas, importe da suscripción a favor das persoas cuíos nomes e direccións van ao pé, é as que o Semanario será remitido directamente pol-a Administración.

D. Dirección.
D. Id.
D. Id.

(1) Táchese o medio de remesa que se non utilice.

MANOEL GÓMEZ ROMÁN Arquiteito Vigo	VALENTIN PAZ-ANDRADE Abogado Vigo
XERARDO ALVAREZ GALLEGO Abogado e Procurador Vigo	ANTÓN PIN'OS MIGUEZ Consulta de 12 a 1 e de 4 a 6 Baión
DR. AMANCIO CAAMAÑO Sanatorio Quirúrgico Pontevedra	COLEXIO LEON XIII VILAGARCIA
FRANCISCO Barreiro Salas Perito Agrícola Santiago	R. GONZALEZ PASTORIZA Abogado Vigo

GALEGUISTA:

Podes cont. ibuir extraordinariamente á difusión do noso Semanario e da súa labouira patriótica se despúis de o ler o deixas na barbeiría, no café ou na sociedade a que adóites ir ou o reexpides a algún amigo.



Redacción-Administración:
Rúa de Tetuán, 2-1.º - Ponieveda
SUSCRIPCIÓN: 3 pesetas semes-
tre. Pago adelantado.
Número solto: 10 cts.

A nosa terra

SEMANARIO DO PARTIDO GALEGUISTA

Año XIX

Galiza, 13 de Xullo do 1935

Núm. 374

Declaración de principios do P. G.

- I. Galicia, unidade cultural.
- II. Galicia, pobo autónomo.
- III. Galicia, comunidade coope-
rativa.
- IV. Galicia, célula de universa-
lidade.

OUTRA PROBA MAIS

As obras do Ferrocarril A Cruña-Zamora paralizadas

No número den anterior e cando xá estaba a sair soupemos do novo aldraxe que a Galicia acaba de lle facer o Centralismo rexido hoxe ademais pol-os homes que en todo intre teñen demostrado ser os máis teimantes inimigos que a nosa Terra tivo endexamáis.

Limitámonos a publicar unha breve nota de protesta co propósito, natural e lóxico, de lle dar ao asunto, que ben o meresce a categoría que lle compe.

Adrede deixamos pasar un número do semanario a ver como Galicia reaccionaba ante a nova inxusticia. Non queremos que se diga de nós que aproveitamos calquer motivo para insistir, con contumacia ategada de razón e argumentos que non teñan volta, no tema do esquecemento de Galicia que constituíe o motivo de inspiración dos homes que hoxe desgobernan a Hespaña.

¿E qué ollamos n-estes quince días? Rén. Unha protesta cativa, acobardada, de parte da nosa prensa. Algunhas notas que recollendo a protesta pu-
bricaron algúns xornaes madrileños. E nada máis.

Os deputados por Galicia non se moveron. Non manifestaron ao Goberno a máis pequena indicación para que se subsanase como fose o aldraxe. E de protesta, nin falar.

A ladaiña de argumentos en favor do noso pensamento de que Galicia está condeada a padecer eternamente estas inxusticias non está agotada. Día a día os inimigos da autonomía, os defensores interesados do Centralismo que ampara os seus apetitos bastardos, os gobernos que se sucedan en Madrid dán a cotío novos motivos para que a nosa voz ergase en protesta lóxica e santa pedindo aos galegos se dispoñan como sexa e con urxencia a non tolerar máis tempo esta diferenza de trato que ademais de ser inxusta é motivo para aumentar a fame material e auténtica que xá existe en Galicia pol-a forxa impositiva do Centralismo e dos gobernos madrileños.

O noso camiño de ferro. O ferrocarril que tantos motivos deu para que Galicia erguera a súa protesta acaba de ser paralizado totalmente e cecais para moito tempo. 6.000 traballadores galegos fican sin traballo.

Esto ao Goberno non lle importa nin aos incalificables deputados que se din galegos lles preocupa. Pol-o contrario. Ollan a cousa con indiferencia cando non coa súa colaboración criminal.

Máis nós non calamos nin calaremos. Nós berramos e berraremos até enronquecer para grabar na conciencia dos galegos, na súa memoria e na súa conducta futura a gran verdade, amparada pol-os feitos e pol-a realidade, de que en Madrid e os partidos que hoxe están no Poder teñen o deliberado propósito de matar a Galicia a fame. Coa cooperación dos deputados galegos que fracticidamente axudan, coa súa despreocupación, semellante propósito.

Aquí n-estas columnas, índice vibradoiro da vida galega, e na campaña de mitins que o Partido reanudou xá, levaremos como bandeira e bandeira santa esta gran verdade que os feitos nos demostran cotidianamente.

E xá sabemos como Galicia enteira tén formado o seu xuício exaito. Galicia, no fondo da súa íntima conciencia, sabe o que quere e sabe distinguir entre os que a queren e a explotan villanamente.

O Partido Galeguista, coa colaboración xurdia pero terriblemente cara para a Terra, que lle prestan coas súas tropelias os gobernos de Madrid e coas súas infames despreocupacións os deputados que para vergoña e desgracia padecemos non perde a esperanza de ollar un día a Galicia en pé para non tolerar, como sexa, que continúe o rosario da súa explotación e miseria.

Rosario de contas sin fin ao que, na súa agonía, este goberno acaba de engadir dúas. Os tratados co Uruguay e Arxentina e paralización dos traballos do noso ferrocarril.

Dous motivos d'abondo poderosos para que arestora Galicia, de banda a banda, vibrase ategada de rebeldía en rexa protesta.

Por ela o facemos nós.

Un galego perante Lope

O primeiro que se lle ocorre a un galego que ten de falar encol de Lope, é que o afervoado, o apaixonado, o complexo poeta castelán, escribiu iste verso, entre nós soado:

Galicia nunca fértil en poetas.

Así, coa taxante, coa definitiva gravidade de un adverbio de siñificación tan ausoluta. E isa afirmación radical é perfectamente errónea. Non embargantes, malia a inxusticia ouxetiva do verso, que sigue traslúcese unha simpatía á nosa terra, que demostra como Lope, ao negarnos fertilidade poética, facíao porque creía enunciar así unha verdade. Il houbera querido poder afirmar a eisistencia perenne de poetas en Galicia:

*Galicia nunca fértil en poetas,
pero sí en eslozados capitanes.*

Il houbera querido, escritor e soldado, que Galicia dera colleitas alternativas de poetas e capitans. E así ocurrira por moito tempo, pero Lope ñorábo e nos tempos de Lope non era Galicia terra fecunda en cantores. Non era desque os seus fillos tiñan que escribir en castelán. Fórao griosamente cando, na idade media, escribían en galego. E de tal xeito fórao que a nosa poesía, n-un pulo de imperialismo cultural, espallárase por terras de língoa castelán, e ocurrira o que nos conta o marqués de Santillana na súa carta ao condestable de Portugal; isto: «*Que non ha mucho tiempo cualesquiera decidores e trovadores, agora fuesen castellanos, andaluces o de la Extremadura, todas sus obras componían en lengua gallega o portuguesa*». Mais Lope non poidera coñecer a epístola famosa nen poidera coñecer e primadeira dos cancioeiros. Coñecía tan só a obra en castelán dos galegos modernos. Antre eles había un Fray Jerónimo Bermúdez, un Trillo de Figueroa. Pero ao lado dos numerosos e ilustres poetas de outros países españoles, os nosos eran poucos e Galicia non semellaba propicia a dar a luz discípulos do crinado deus.

De ahí o erro de Lope. Pero fica visto cómo debemos absolvelo de il. E non só pol-as razóns apuntadas, que explican a súa ñorancia en materia da nosa fecundidade lírica, senón tamén porque en ocasións repetidas atópanse en Lope referencias á nosa terra acuguladas de unha benevolencia completamnte esceicional nos poetas casteláns de aquel tempo. N-algún caso, a nosa terra é, en Lope, ouxeto de verdadeira apoloxía. Eisí ocurre en dixerros pasaxes do drama «*El mejor alcalde el rey*»; que os ferroláns vimos levada ás táboas pol-os rapaces do Instituto. Inda que non deixamos de atopar en Lope os consabidos tópicos denigratorios pra o grupo galego do que n-istes días nos falaba don Ramón del Valle Inclán, temos de cargar ista partida adversa, non persoalmente ao poeta, senón á sociedade en que se movía, pouco incrinada a loubar a unha raza cuia intelixencia e cauteridade causáballe fondo desconcerto. Por outra parte, nunca chegou o denosto de Lope aos aldraxes de Góngora ou Cervantes.

E, pois, Lope de Vega, no fondo e persoalmente, un bó amigo noso. Ollemos o seu centeario sen xenreira. Cantas vegadas o infiz poeta deixóo falar á súa personalidade sen prexucios, prodúxose con nobreza cara a nós. E cando, representando un criterio castelán histórico, aldraxóunos e ríeuse á nosa conta, ten tres atenuantes: primeira, que espresaba un sentir xeral; segunda, que un pobo desna-cionalizado, como o noso n-aquel intre, non merecía ser tratado con grandes respetos pol-os seus dominadores; e terceira, que Lope e Castela, ao mallar en nós exercitaban unha crás de lóxica defensa imperfecta, si é verdade, como quere Valle Inclán, que os galegos, pol-a súa superior intelixencia, facían unha competencia ruinosa aos menos retranqueiros e velaiños homes de meseta central hespañola.

R. C. C.

DO FERROL

O presuposto extraordinario

O Concello do Ferrol eleito en abril do 31 estaba controlado pol-os socialistas e presidido por un home a quen consideramos como irmán, Xaime Quintanilla. Este Concello realizou unha excelente labora administrativa e económica. Pero despóis dos sucesos de outono, o cancello caíu nas mans dos radicás. Estes señores propónense contratar un empréstito, pra o cal elaboraron o correspondente presuposto extraordinario. Consecuencias da euforia. Non embargantes, o empréstito representa unha grave carga pra o erario municipal, aparte de outras circunstancias, como a de ser votado por xestores gubernativos, que o vicían de nulidade.

Os partidos Socialista, Galeguista e Izquierda Republicana desenrolan unha campaña conxunta contra o enxendo. Foi xa redactado i entregado o escrito de recurso perante o delegado de Facenda da provincia da Cruña. Vai firmado pol-os presidentes e segredarios das respeitivas orgaizaciones e foi presentado pol-os seis firmantes o pasado día 6. Como representantes do noso Grupo actuaron n-este asunto os irmáns Pombo López e Vizoso, presidente e segredario do Partido no Ferrol. Próximamente publicarás un manifesto encol do tema, firmado pol-os tres partidos.

O noso corresponsal enviarános os textos ou amplios extractos de manifiesta e do recurso.



A F. M. G. no intre aítual

O novo Comité Executivo da Federación de Mocidades Galeguistas, nomeados na II Asambreia, deu a pubricidade unha circular espallada por todol-os Grupos, na que se sinala a roita que debe seguir a F. M. G. no intre aítual; e reclama de cada un dos Grupos un ampro voto de confianza para escomezar a súa labouira.

Confeso, certasmente, que agardaba que outros irmáns con mais autoridade ca mín, erguesen a súa protesta. Non o fixeron. ¿Alá cada ún coa súa responsabilidade! Eu non sei calar ante o que considero unha trabucazón, un erro tan grande que pode, non somentes acabar coa F. M. G., si non que tamén pode matar as esperanzas que toda a Galicia puxo en nós, os mozos.

Estas liñas somentes teñen por ouxeto o de combater a proposta do Comité Executivo no que se refire á terceira consideración que di: «*A F. M. G. ten un deber: Moverse a sí mesma. Coidamos por elo qué o noso arredamento do P. Galeguista é o mais procedente*». ¡Qué tristeza sentín cando leín esto! ¡Para esto loitaron tantos anos os nosos mestres! Non, isto non pode facerse. Nin aínda que diga o Comité Executivo que é unha táctica. Para nos, os mozos, non hai mais táctica ca que eles nos sinalan, non hai mais camiño que o qu-éles nos marcan.

¿Porqué arredarnos do Partido Galeguista? Non pode tomarse como base, para elo, que o P. Galeguista adoitte a loita conxunta con Partidos extranxeiros, desde o intre en que eses Partidos reconocen os dereitos da Galicia a se gobernar por sí mesma; non se pode decir eso, cando eses Partidos se comprometen a loitar pol-a

autodeterminación de Galicia. Non é para o Partido Galeguista nin unha claudicación nin un sacrificio. E-o cumprimento dun deber. Van a loita xuntos todos aqueles Partidos que loitan pol-a Liberdade da Galicia. ¡E-a anceiada unión de todol-os galegos para loitar pol-a Liberdade da nosa Terra! ¿B oponse pra eso o Comité Executivo? Non é ese o camiño que hai que darlle á F. M. G. irmáns do Comité Executivo. A F. M. G. debe estar na vangarda loitando co Partido Galeguista pois él, irmáns, non o duvidar, levaranos ao trunfo que é o trunfo da nosa Terra. Teñamos fé no Partido Galeguista e fagamos nós tamén un frente de mocidades que loiten por aqueles anceios, pol-os degaros que nos son comúns, que ven poidera ser: Liberdade da Galicia, antifascismo, contra a guerra, etc.

Fagamos un feixe irmáns da F. M. G. con total-as mocidades que se comprometan a loitar por eses postulados. ¡Tempo virá dempois de camiñar soios! Mais, non desperdiciemos, nin rechacemos, a axuda de aqueles que poden axudarnos a libertar a Galicia. Non rechacemos a ningún que queira axudarnos, fagamos o contrario: chamemos a nosa beira a aqueles que teñan degaros de liberdade e xusticia.

Non pensemos mais, irmáns da F. M. G. en arredarnos dos homes que foron capaces de loitar contra os inimigos da nosa Terra, mais non teñades a menor dúbida, que si nos arredamos d-éles perderán a fé en nós como mozos capaces de libertar a Galicia. Non matemos a fé que toda a Galicia puxo en nós; non matemos esta esperanza porque entón irmáns é certo que en vez de unha mocidade que «leva na frente unha estrela» somos unha mocidade de sapos.

¡Irmáns! ¡Sempre co P. Galeguista que él, e soio él, nos levará ao trunfo! Irmáns, por Galicia e pol-a súa Liberdade!

Xosé B. PAZOS.

Vigo, xullo 1935.